

Guía
turística

Los Paisajes Fortificados de las Rías Altas

As Paisaxes Fortificadas das Rías Altas



Deputación
DA CORUÑA



FERROLTERRA
RIAS ALTAS



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol

Los Paisajes Fortificados de las Rías Altas

*As Paisaxes Fortificadas das
Rías Altas*



Deputación
DA CORUÑA



FERROLTERRA
RÍAS ALTAS



MANCOMUNIDADE
Concellos da Comarca
de Ferrol

Agradecimiento a todas las entidades locales, asociaciones y personas que participaron en este proyecto colectivo para recuperar el conocimiento de nuestro paisaje fortificado de las Rías Altas

Agradecemento a todas as entidades locais, asociacións e persoas que participaron neste proxecto colectivo para recuperar o coñecemento da nosa paisaxe fortificada das Rías Altas

Coordinación:

César Abella Vázquez.

Trivium Estratexias en Cultura e Turismo S.L. (www.triviumect.com)

Textos:

Juan Ángel Anca Calvo

Fotografías:

César Candamo

Maquetación:

César Candamo

Impresión:

TÓRCULO

ISBN / Depósito Legal:

978-84-608-5033-5 / C 2439-2015

Publicación elaborada por la Mancomunidad de Ferrolterra con la subvención de la Deputación de A Coruña

Publicación elaborada pola Mancomunidade de Ferrolterra coa subvención da Deputación da Coruña

Índice

| | |
|---|----|
| Mapa general..... | 5 |
| Presentación de la Guía Turística..... | 7 |
| 1. La Península de Montefaro y la Ría de Ares..... | 13 |
| 2. 500 años de fortificaciones entre Ferrol y Prioriño..... | 25 |
| 3. Entre acantilados y playas: Doniños, Prior y Campelo..... | 37 |
| 4. El norte de España: Cedeira y Estaca de Bares..... | 47 |
| Geolocalización de los recursos..... | 52 |
| Modelos de cañones artillados en los Paisajes Fortificados de las Rías Altas..... | 55 |
| Información complementaria..... | 58 |

Índice

| | |
|--|----|
| Mapa xeral..... | 5 |
| Presentación da Guía Turística..... | 7 |
| 1. A Península de Montefaro e a Ría de Ares..... | 13 |
| 2. 500 anos de fortificacións entre Ferrol e Prioriño..... | 25 |
| 3. Entre cantís e praias: Doniños, Prior e Campelo..... | 37 |
| 4. O norte de España: Cedeira e Estaca de Bares..... | 47 |
| Xeolocalización dos recursos..... | 52 |
| Modelos de canóns artillados nas Paisaxes Fortificadas das Rías Altas..... | 55 |
| Información complementaria..... | 58 |



Bateria de Segaña



Bateria del Monte de San Pedro
Bateria do Monte de San Pedro



Posición de Prior

Presentación de la Guía Turística

En 1933 termina el montaje del último cañón de costa Vickers de 38,10 cm de calibre. Estos cañones con proyectiles de 800 kg y con un alcance de 35 km, venían a apuntalar el sistema defensivo iniciado en 1926 para proteger las bases navales de A Coruña y Ferrol. El hormigón y el hierro se incrustaron en los promontorios y lugares estratégicos del Golfo Ártabro: Monte San Pedro, Prioriño, Prior y Monte Campelo; la Península de Montefaro ya había comenzado este proceso 30 años antes en el contexto de la guerra hispano-estadounidense. Esta zona se convertía en uno de los paisajes militares costeros más fortificados del mundo, por delante de Panamá, Bahía de Manila, Dardanelos o Bahía de Tokio. Todo esto tenía una explicación. España en esta época no poseía una potente flota como la "Royal Navy" británica, por lo que la única alternativa viable consistía en defender desde tierra firme aquellas rutas y bases navales más importantes, como la ruta atlántica peninsular y las bases navales de A Coruña y Ferrol, sin olvidarse de proteger los arenales más propicios para el desembarco de tropas invasoras. Había terminado la I Guerra Mundial, pero era inminente la II Guerra Mundial.

Presentación da Guía Turística

En 1933 remata a montaxe do último canón de costa Vickers de 38,10 cm de calibre. Estes canóns con proxectís de 800 kg e cun alcance de 35 km, viñan apuntalar o sistema defensivo iniciado en 1926 para protexer as bases navais da Coruña e Ferrol. O formigón e o ferro incrustáronse nos promontorios e lugares estratéxicos do Golfo Ártabro: Monte San Pedro, Prioriño, Prior e Monte Campelo; a Península de Montefaro xa comezara este proceso 30 anos antes no contexto da guerra hispano-estadounidense. Esta zona convertíase nunha das paisaxes militares costeiras máis fortificadas do mundo, por diante de Panamá, Baía de Manila, Dardanelos ou Baía de Toquio. Todo isto tiña unha explicación. España nesta época non posuía unha potente frota como a Royal Navy británica, polo que a única alternativa viable consistía en defender desde terra firme aquelas rutas e bases navais máis importantes, como a ruta atlántica peninsular e as bases navais da Coruña e Ferrol, sen esquecer protexer os areaís máis propicios para o desembarco de tropas invasoras. Rematara a I Guerra Mundial, pero era inminente a II Guerra Mundial.



Sin embargo, esta no fue la primera vez que las Rías Altas recibían la presión militar de potencias extranjeras. Felipe II en el siglo XVI ordenó levantar 4 fortalezas en la Ría de Ferrol (San Martín, San Felipe, La Palma y Vispón) para defender un espacio de aprovisionamiento y construcción de barcos, unido al Puerto Real de A Coruña. Este es el primer monarca español en percatarse de que el centro del mundo ya no estaba en el Mediterráneo, sino en el Atlántico. Un paisaje defensivo que alcanzará su mayor desarrollo para proteger la joya de la Corona de Carlos III, el Arsenal de Ferrol, ya entrado el siglo XVIII, en el momento conocido como el “Ferrol de la Ilustración”. Numerosas baterías se construirán en la costa

Con todo, esta non foi a primeira vez que as Rías Altas recibían a presión militar de potencias estranxeiras. Filipe II no século XVI ordenou erguer 4 fortalezas na Ría de Ferrol (San Martiño, San Filipe, A Palma e Vispón) para defender un espazo de aprovisionamento e construción de barcos, unido ao Porto Real da Coruña. Este é o primeiro monarca español en decatarse de que o centro do mundo xa non estaba no Mediterráneo, senón no Atlántico. Unha paisaxe defensiva que acadará o seu maior desenvolvemento para protexer a xoia da Coroa de Carlos III, o Arsenal de Ferrol, xa entrado o século XVIII, no momento coñecido como o “Ferrol da Ilustración”. Construiranse numerosas baterías na costa ferrolá e nas Rías de Ares



Entrada de la Ría de Ferrol con los fortines de San Felipe y Nuestra Señora de la Palma
Entrada da Ría de Ferrol cos fortíns de San Filipe e Nosa Señora da Palma

ferrolana y en las Rías de Ares y Cedeira para configurar un territorio prácticamente inexpugnable.

Esta guía turística propone un viaje a cuatro espacios diferentes, a modo de 4 etapas para adentrarse en el Paisaje Fortificado de las Rías Altas. Las vetustas baterías y fortines de la Edad Moderna, a veces destruidas por el paso del tiempo, a veces rehabilitadas, se contraponen con el abandono generalizado de las estructuras defensivas del siglo XX. Por este motivo, aconsejamos que disfrutéis de la nostalgia del pasado, pero sin llegar a introducirse en aquellas estructuras militares no habilitadas para su visita.

e Cedeira para configurar un territorio prácticamente inexpugnable.


Esta guía turística propón unha viaxe a catro espazos diferentes, a modo de 4 etapas para adentrarse na Paisaxe Fortificada das Rías Altas. As vetustas baterías e fortíns da Idade Moderna, ás veces destruídas polo paso do tempo, ás veces rehabilitadas, contrapóñense co abandono xeralizado das estruturas defensivas do século XX. Por este motivo, aconsellamos que gocen da nostalgia do pasado, pero sen chegar a introducirse naquelas estruturas militares non habilitadas para a súa visita.



Estación Electro Semafórica de Monteventoso



Batería de Viñas




Posición de Prioriño

Itinerarios de los paisajes fortificados de las Rías Altas:

1. La Península de Montefaro y la Ría de Ares
2. 500 años de fortificaciones entre Ferrol y Prioriño
3. Entre acantilados y playas: Doniños, Prior y Campelo
4. El norte de España: Cedeira y Estaca de Bares

Itinerarios das paisaxes fortificadas das Rías Altas:

1. A Península de Montefaro e a Ría de Ares
2. 500 anos de fortificacións entre Ferrol e Prioriño
3. Entre cantís e praias: Doniños, Prior e Campelo
4. O norte de España: Cedeira e Estaca de Bares



Playa de Doniños / Praia de Doniños



Bateria de Salgueira

La Península de Montefaro y la Ría de Ares

El ingeniero militar Tiburcio Spanochi realizó en 1589 un estudio técnico para evaluar las necesidades defensivas de la Ría de Ares: *"... es el Puerto de Ares por ser el más grande mas seguro y de mejor ancoradero y por donde el enemigo desembarcando podía hacer el dicho daño en el Puerto de Ferrol dentro de la barra de Pontedeume..."*. Las **murallas medievales de Pontedeume** resultaban totalmente ineficaces en la época de los cañones y la pólvora, y los arenales de la Ría de Ares eran la antesala para el posterior ataque a Ferrol y A Coruña. Sin embargo, en este momento histórico la prioridad era el abaluartamiento de la ciudad de A Coruña, el puerto estratégico para Felipe II que ese mismo año recibió el ataque de la "Contra Armada" inglesa de Sir Francis Drake, en respuesta a la Armada Invencible.

La consecución por parte de Ferrol de la categoría de "Departamento Marítimo del Noroeste" y la construcción del Arsenal (La obra

A Península de Montefaro e a Ría de Ares

O enxeñeiro militar Tiburcio Spanochi realizou en 1589 un estudo técnico para avaliar as necesidades defensivas da Ría de Ares: *"... é o Porto de Ares por ser o máis grande mais seguro e de mellor ancoradoiro e por onde o inimigo desembarcando podía facer o dito dano no Porto de Ferrol dentro da barra de Pontedeume..."*. As **murallas medievais de Pontedeume** resultaban totalmente ineficaces na época dos canóns e a pólvora, e os areais da Ría de Ares eran a antesala para o posterior ataque a Ferrol e A Coruña. Con todo, neste momento histórico a prioridade era o abaluartamento da cidade da Coruña, o porto estratéxico para Filipe II, que ese mesmo ano recibiu o ataque da "Contra Armada" inglesa de Sir Francis Drake, en resposta á Armada Invencible.

A consecución por parte de Ferrol da categoría de "Departamento Marítimo do Noroeste" e a construción do Arsenal (a obra estrela en tempos de Carlos III executada polo Marqués de Ensenada)

estrella en tiempos de Carlos III ejecutada por el Marqués de Ensenada) son dos motivos que explican el establecimiento de un perímetro de protección costero en el Golfo Ártabro en el siglo XVIII. Aparte de la mejora de la muralla medieval de la villa de Pontedeume, en 1757 se levantan las **Baterías de la Punta y la del Raso** (Seselle) con el objetivo de cerrar el arenal de Ares. La **Batería de Segaña** cubriría la playa de Chanteiro y la ensenada de Cariño, mientras que la **Batería del Castro de Santa María** serviría para batir la costa. De entre todas ellas, la mejor conservada y accesible al público es la **Batería de Redes**, concebida para batir la playa de Redes y Cabanas. Por este motivo recomendamos la visita a ésta última, por aún conservar la esencia de los pueblos de



son dous motivos que explican o establecemento dun perímetro de protección costeiro no Golfo Ártabro no século XVIII. Á parte da mellora da muralla medieval da vila de Pontedeume, en 1757 érguense as **Baterías da Punta e a do Raso** (Seselle) co obxectivo de pechar o arenal de Ares. A **Batería de Segaña** cubriría a praia de Chanteiro e a enseada de Cariño, mentres que a **Batería do Castro de Santa María** serviría para bater a costa. De entre todas elas, a mellor conservada e accesible polo público é a **Batería de Redes**, concibida para bater a praia de Redes e Cabanas. Por este motivo recomendamos a visita a esta última, por conservar aínda a esencia das vilas de mariñeiros mesturada coa arquitectura indiana, e se temos espírito aventureiro, a **Batería da Punta**, situada na



Bateria de Redes. Foto de Jose Carlos Varela Acevedo.

marineros mezclada con la arquitectura indiana, y si tenemos espíritu aventurero, la **Batería de la Punta**, ubicada en la parte posterior del Puerto Deportivo de Ares. Estas edificaciones, obra de Miguel de Hermosilla con la supervisión del ingeniero Ricaud, nunca llegaron a entrar en combate.

La siguiente etapa consiste en subir a lo más alto de la Península de Montefaro para descubrir el sistema defensivo de las Rías de Ferrol, A Coruña y Ares; proyectado y construido en el contexto de la guerra hispano-estadounidense por las colonias de ultramar: Cuba, Puerto Rico y Filipinas. No había un temor real al ataque de una potencia extranjera, sino la necesidad de protección marítima que el Ministro

parte posterior do Porto Deportivo de Ares. Estas edificacións, obra de Miguel de Hermosilla coa supervisión do enxeñeiro Ricaud, nunca chegaron a entrar en combate.

A seguinte etapa consiste en subir ao máis alto da Península de Montefaro para descubrir o sistema defensivo das Rías de Ferrol, A Coruña e Ares; proxectado e construído no contexto da guerra hispano-estadounidense polas colonias de ultramar: Cuba, Porto Rico e Filipinas. Non había un temor real ao ataque dunha potencia estranxeira, senón a necesidade de protección marítima que o Ministro da Guerra da época, o Xeneral Correa, expresou a modo de desafío: *"...Preferiría non ter un só barco. Entón poderíamos*



Playa de Chanteiro / Praia de Chanteiro




Monasterio de Santa Catalina
Mosteiro de Santa Catalina

de la Guerra de la época el General Correa, expresó a modo de desafío: “... Preferiría no tener un solo barco. Entonces podríamos decirles a los Estados Unidos desde Cuba y desde la Península: Aquí estamos, vengan ustedes cuando quieran...”.

Hay dos opciones para conocer este espacio fortificado de tiempos de Alfonso XII, Cánovas y Sagasta. Se puede acceder desde Mugardos, visitando previamente el **Fortín de Nuestra Señora de la Palma** o bien desde el núcleo urbano de Ares. El siguiente paso es el núcleo de Cervás, y desde allí dirigirse hasta el **Monasterio de Santa Catalina**, reutilizado como antiguo cuartel militar por el ejército español durante el siglo XX. En las proximidades de este

dicirlles aos Estados Unidos desde Cuba e desde a Península: Aquí estamos, veñan vostedes cando queiran...”.

Hai dúas opcións para coñecer este espazo fortificado de tempos de Alfonso XII, Cánovas e Sagasta. Pódese acceder desde Mugardos, visitando previamente o **Fortín da Nosa Señora da Palma** ou ben desde o núcleo urbano de Ares. O seguinte paso é o núcleo de Cervás, e desde alí dirixirnos ata o **Mosteiro de Santa Catarina**, reutilizado como antigo cuartel militar polo exército español durante o século XX. Nas proximidades deste mosteiro encontraremos as tres baterías de obuses destinadas a protexer as bases navais da Coruña e Ferrol: A Bailadora, Fontesecca e Faro. A situada máis ao



Fortín de Nuestra Señora de la Palma
Fortín da Nosa Señora da Palma



Bateria de A Bailadora / Bateria da Bailadora



Bateria de Fontesecca

monasterio encontraremos las tres baterías de obuses destinadas a proteger las bases navales de A Coruña y Ferrol: A Bailadora, Fontesecca y Faro. La situada más al norte, **Bateria de A Bailadora**, nos ofrece una espectacular vista panorámica de la Ría de Ferrol; mientras que la situada al oeste, la **Bateria de Fontesecca**, es un mirador del Golfo Ártabro. Hoy en día no podemos visitar la batería situada al sur, la Bateria de Faro, ya que es un espacio ocupado por antenas de radio y televisión.

Cada uno de estos recintos militares acogerían entre 4 y 6 obuses de hierro sunchado rayado o de acero de la casa Ordóñez. En las proximidades de la Bateria de Fontesecca encontraremos dos

norte, **Bateria da Bailadora**, ofrécenos unha espectacular vista panorámica da Ría de Ferrol; mentres que a situada ao oeste, a **Bateria de Fontesecca**, é un mirador do Golfo Ártabro. Hoxe en día non podemos visitar a batería situada ao sur, a Bateria de Faro, xa que é un espazo ocupado por antenas de radio e televisión.

Cada un destes recintos militares acollería entre 4 e 6 obuses de ferro sunchado raiado ou de aceiro da casa Ordóñez. Nas proximidades da Bateria de Fontesecca encontraremos dous tipos de baterías antiaéreas de distintos momentos históricos. A primeira **Bateria Antiaérea de Montefaro** (década de 1930) está conformada por unha estrutura monolítica a barbata e con 4 canóns Vickers de 10,50



Baterías de Salgueira y Segaña
Baterías de Salgueira e Segaña



Batería de Salgueira

tipos de baterías antiaéreas de distintos momentos históricos. La primera **Batería Antiaérea de Montefaro** (década de 1930) está conformada por una estructura monolítica a barbata y con 4 cañones Vickers de 10,50 cm. La segunda **Batería Antiaérea de Montefaro B-52** (década de 1940) tiene forma de rombo, camuflada en el paisaje, estructura de búnker y diferentes armas de defensa (metralletas y cañones).

A partir de la Batería de Fontesecca existe un pequeño camino para llegar a pie a las otras edificaciones militares de la Península de Montefaro, situadas en primera línea de costa. Una experiencia totalmente aconsejable para empaparnos del paisaje militar que

cm. A segunda **Batería Antiaérea de Montefaro B-52** (década de 1940) ten forma de rombo, camuflada na paisaxe, estrutura de búnker e diferentes armas de defensa (metralletas e cañóns).

A partir da Batería de Fontesecca existe un pequeno camiño para chegar a pé ás outras edificacións militares da Península de Montefaro, situadas na primeira liña de costa. Unha experiencia totalmente aconsellable para empaparnos da paisaxe militar que alberga este promontorio situado entre dúas rías. Postos de vixía, almacéns de pólvora, postos de proxectores, postes de electricidade, casas de enxeñeiros, camiños, aramados, cuarteis da tropa, postos de telemetría e máis baterías. Aínda que tamén é posible chegar ás



Bateria de Salgueira

alberga este promontorio situado entre dos rías. Puestos de vigía, almacenes de pólvora, puestos de proyectores, postes de electricidad, casas de ingenieros, caminos, alambradas, cuarteles de la tropa, puestos de telemetría y más baterías. Aunque también es posible llegar a las **Baterías de Segaña y Salgueira** por antiguos caminos de tierra pensados para vehículos militares, o acercarse en coche hasta la playa de Chanteiro para acortar unos metros.

Si escogemos la opción de caminar, en apenas dos kilómetros llegaremos primero a la **Bateria de Salgueira**, compuesta por 6 cañones Munáiz-Argüelles de 15 cm. Y un poco más adelante localizaremos la singular **Bateria de Segaña**. Máxima precaución



Bateria de Fontesecca

Baterías de Segaña e Salgueira por antigos camiños de terra pensados para vehículos militares, ou achegarse en coche ata a praia de Chanteiro para acurtar uns metros.

Se escollemos a opción de camiñar, en apenas dous quilómetros chegaremos primeiro á **Bateria de Salgueira**, composta por 6 canóns Munáiz-Argüelles de 15 cm. E un pouco máis adiante localizaremos a singular **Bateria de Segaña**. Máxima precaución na súa visita porque hai ocos no terreo cubertos de maleza. Esta última posúe un emprazamento con historia, xa que foi unha antiga batería costeira do século XVIII, con 12 canóns e 12 artilleiros, posteriormente convertida, entre 1897 e 1903, nunha batería

en su visita porque hay huecos en el terreno cubiertos de maleza. Esta última posee un emplazamiento con historia, ya que fue una antigua batería costera del siglo XVIII, con 12 cañones y 12 artilleros, posteriormente convertida, entre 1897 y 1903, en una batería costera con 2 cañones Krupp en la parte norte (aunque existen tres pozos, uno de ellos no se llegó a artillar), más los 6 cañones Munáiz-Argüelles de 15 cm. Por último, mencionar la presencia de la estructura de un proyector excavado en la roca para iluminar de noche los barcos enemigos, asociado al "Plan de Artillado de 1926". En el otro extremo de la playa de Chanteiro tenemos la **Batería de Sudova**, con otros tantos cañones Munáiz-Argüelles y en peor estado de conservación, encargada de proteger el flanco de la Ría de Ares. En sus inmediaciones encontraremos con dificultades los túneles del **Proyector de Coitelada**.

costeira con 2 canóns Krupp na parte norte (aínda que existen tres pozos, un deles non se chegou a artillar), máis os 6 canóns Munáiz-Argüelles de 15 cm. Por último, mencionar a presenza da estrutura dun proxector escavado na rocha para iluminar de noite os barcos inimigos, asociado ao "Plan de Artillado de 1926". No outro extremo da praia de Chanteiro temos a **Batería de Sudova**, con outros tantos canóns Munáiz-Argüelles e en peor estado de conservación, encargada de protexer o flanco da Ría de Ares. Nas súas inmediacións encontraremos con dificultades os túneles do **Proyector de Coitelada**.

Para finalizar a visita a este espazo, para aqueles que se acheguen ao Fortín da Nosa Señora da Palma, ou divisen os Fortes de San Filipe e a Palma desde o privilexiado miradoiro da Bailadora, queremosllas recordar dúas cuestións. A primeira, a situación das ruínas do **Fortín**



Fortín de Nuestra Señora de la Palma
Fortín da Nosa Señora da Palma



Fortín de San Felipe / Fortín de San Filipe

Para finalizar la visita a este espacio, para aquellos que se acerquen al Fortín de Nuestra Señora de la Palma, o divisen los Fuertes de San Felipe y la Palma desde el privilegiado mirador de A Bailadora, les queremos recordar dos cuestiones. La primera, la ubicación de las ruinas del **Fortín de San Martín** en la parte central de la ría, como centro de mando de la defensa de la Ría de Ferrol hasta el siglo XVIII, situado en las proximidades del Fortín de la Palma. Su tipología era de fuerte a la mar, con batería costera y frente abaluartado por tierra. El Fortín de la Palma y San Martín junto con el Fortín de San Felipe formaban parte del triángulo defensivo de la Ría de Ferrol. Lo que queda de la unión entre ellos es el extremo metálico para sujetar una gran cadena que impidiera la entrada de barcos. La segunda, el Fortín de San Felipe y de La Palma fueron reformados y artillados de nuevo en paralelo a las construcciones militares de la Península de Montefaro.

de San Martiño na parte central da ría, como centro de mando da defensa da Ría de Ferrol ata o século XVIII, situado nas proximidades do Fortín da Palma. A súa tipoloxía era de forte á mar, con batería costeira e fronte abaluartada por terra. O Fortín da Palma e o de San Martiño xunto co Fortín de San Filipe formaban parte do triángulo defensivo da Ría de Ferrol. O que queda da unión entre eles é o extremo metálico para suxeitar unha gran cadea que impedira a entrada de barcos. A segunda, o Fortín de San Filipe e o da Palma foron reformados e artillados de novo en paralelo ás construcións militares da Península de Montefaro.



Entrada de la Ría de Ferrol con los fortines de San Felipe y Nuestra Señora de la Palma
Entrada da Ría de Ferrol cos fortíns de San Filipe e Nosa Señora da Palma



Vista desde Bateria de obuses de Fontesea-1897
(España. Ministerio de Defensa. Archivo Intermedio Militar del Noroeste, 1.010041.003)



Entrada de la Ría de Ferrol con los fortines de San Felipe y Nuestra Señora de la Palma
Entrada da Ría de Ferrol cos fortíns de San Filipe e Nosa Señora da Palma





Entrada de la Ría de Ferrol con los fortines de San Felipe y Nuestra Señora de la Palma

Entrada da Ría de Ferrol cos fortíns de San Felipe e Nosa Señora da Palma

500 años de fortificaciones entre Ferrol y Prioriño

Las condiciones naturales de la **Ría de Ferrol** son excepcionales. El geógrafo Pérez Alberti la describe como un “embudo con su parte central ancha y espaciosa, formando el cuello un corredor estrecho, alcanzando una longitud de 4 km”. El núcleo urbano de Ferrol en 1580 no pasaba de los 1.200 habitantes, formado principalmente por pescadores de sardina que vivían entre las murallas medievales de San Julián. Esta situación cambia por una decisión política. Felipe II modifica la estructura portuaria de su reino porque consideraba que en ese momento el centro del mundo se disputaba en el Atlántico. Por este motivo, las plazas de A Coruña y Ferrol recibieron a finales del siglo XVI la visita de varios ingenieros militares de la escuela hispano-italiana (Tiburcio Spanochi, Jorge Palearo Fratrín y Cristóbal Rojas).

En este momento histórico la ciudad de A Coruña asume un papel

500 anos de fortificacións entre Ferrol e Prioriño

As condicións naturais da **Ría de Ferrol** son excepcionais. O xeógrafo Pérez Alberti descríbena como un “embude coa súa parte central ancha e espaciosa, formando o pescozo un corredor estreito, acadando unha lonxitude de 4 km”. O núcleo urbano de Ferrol en 1580 non pasaba dos 1.200 habitantes, formado principalmente por pescadores de sardíña que vivían entre as murallas medievais de San Xulián. Esta situación cambia por unha decisión política. Filipe II modifica a estrutura portuaria do seu reino porque consideraba que nese momento o centro do mundo se disputaba no Atlántico. Por este motivo, as prazas da Coruña e Ferrol recibiron a finais do século XVI a visita de varios enxeñeiros militares da escola hispano-italiana (Tiburcio Spanochi, Jorge Palearo Fratrín e Cristóbal Rojas).

Neste momento histórico a cidade da Coruña asume un papel protagonista, e Ferrol convértese nun porto secundario, centrado

protagonista, y Ferrol se convierte en un puerto secundario, centrado en el aprovisionamiento y reparación de las armadas de los reyes de la Casa de Austria. De entre las industrias auxiliares sobresale la **Fábrica Real de Neda** con sus famosas “galletas o bizcochos marineros”, el pan marinerero de la época preparado para conservarse en las bodegas de las embarcaciones durante largos periodos de tiempo. Hoy en día apenas queda nada de esta fábrica, a excepción de una serie de enormes **molinos de Xuvia e As Aceñas**.

En esta época se levanta un sistema defensivo para cerrar la entrada de la Ría compuesto por cuatro fortines. Tres de primera magnitud: **San Martín** (Centro de Mando), **Nuestra Señora de**

no aprovisionamento e reparación das armadas dos reis da Casa de Austria. De entre as industrias auxiliares sobresa a **Fábrica Real de Neda** coas súas famosas “galletas ou biscoitos mariñeiros”, o pan mariñeiro da época preparado para conservarse nas bodegas das embarcacións durante longos períodos de tempo. Hoxe en día apenas queda nada desta fábrica, a excepción dunha serie de enormes **muiños de Xuvia e As Aceñas**.

Nesta época érguese un sistema defensivo para pechar a entrada da Ría composto por catro fortíns. Tres de primeira magnitude: **San Martiño** (Centro de Mando), **Nosa Señora da Palma** e **San Filipe**. E o cuarto desaparecido hoxe en día, igual que o de San



Molino de As Aceñas / Muíño das Aceñas



Fortín de Vispón



Fábrica de gallegas de Neda-1639 (España. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Archivo General de Simancas,MPD,62,004)



Fortín de Nuestra Señora de la Palma
Fortín de Nosa Señora da Palma



Fortín de San Felipe / Fortín de San Filipe

la Palma y San Felipe. Y el cuarto desaparecido hoy en día, al igual que el de San Martín, estaría en **Vispón** y sería realizado en parapetos de tierra. Aparte de cubrir con sus cañones la entrada de buques enemigos, estas fortificaciones poseían un sistema de gigantescas cadenas de hierro para cerrar el paso con una barrera física infranqueable. Todas estas obras comienzan curiosamente el mismo año en que la armada inglesa decide enviar al mismísimo vicealmirante Sir Francis Drake, corsario de la reina de Inglaterra, a conquistar la ciudad de A Coruña. La plaza de Ferrol tendrá que esperar al ataque del Arzobispo de Burdeos en el año 1639, Henri d'Escoubleau de Sourdis, para comprobar la eficiencia de este sistema defensivo.

Martiño, estaría en **Vispón** e sería realizado en parapetos de terra. Á parte de cubrir cos seus cañóns a entrada de buques inimigos, estas fortificaciós posuían un sistema de xigantescas cadeas de ferro para pechar o paso cunha barreira física infranqueable. Todas estas obras comezan curiosamente o mesmo ano no que a armada inglesa decide enviar o mesmísimo vicealmirante Sir Francis Drake, corsario da raíña de Inglaterra, a conquistar a cidade da Coruña. A praza de Ferrol terá que esperar o ataque do arcebispo de Bordeos no ano 1639, Henri d'Escoubleau de Sourdis, para comprobar a eficiencia deste sistema defensivo.

O célebre Ferrol da Ilustración arrinca co nomeamento desta cidade

El célebre Ferrol de la Ilustración arranca con el nombramiento de esta ciudad como Departamento Marítimo y la construcción del **Arsenal de Ferrol** bajo el impulso de Carlos III, allá por el siglo XVIII. Ahora en este puerto se podía construir, reparar y abastecer a los barcos de forma integral. De tal importancia era el puerto que se propuso un sistema de fortificación costero de la Ría de Ferrol (**Batería de San Cristóbal, San Carlos, Cariño, Viña, Prioriño y Segañó**) y de la Ría de Ares (**Punta, Seselle, Redes y Castro de Santa María**). Además de fortificar la ciudad con una muralla abaluartada desde Recimil hasta Canido, quedando hoy en día sólo los restos del **Baluarto del Infante**, a pocos metros de la Plaza de España y convertido en el Archivo Intermedio Militar del Noroeste;

como Departamento Marítimo e a construción do **Arsenal de Ferrol** baixo o impulso de Carlos III, alá polo século XVIII. Agora neste porto podíase construír, reparar e abastecer os barcos de forma integral. De tal importancia era o porto que se propuxo un sistema de fortificación costeiro da Ría de Ferrol (**Batería de San Cristovo, San Carlos, Cariño, Viña, Prioriño e Segañó**) e da Ría de Ares (**Punta, Seselle, Redes e Castro de Santa María**). Ademais de fortificar a cidade cunha muralla abaluartada desde Recimil ata Canido, quedando hoxe en día só os restos do **Baluarto do Infante**, a poucos metros da Praza de España e convertido no Arquivo Intermedio Militar do Noroeste; e a **Porta de Fontelonga**, a única entrada por mar á cidade deste período, localizada detrás do



Bateria de San Cristóbal / *Bateria de San Cristovo*



Bateria de Prioriño



Baluarte del Infante / *Baluarte do Infante*

y la **Puerta de Fontelonga**, la única entrada por mar a la ciudad de este periodo, localizada detrás del Cuartel de los Dolores. Ambos recintos tienen limitado el acceso, siendo necesario informarse previamente de los permisos para su visita.

El entramado urbano recoge en su seno otros lugares de interés. Por ejemplo, en Cruxeiras el **Reduto de Santiago** y en la zona del muelle el **Reduto de San Juan** y la **Cortina del Arsenal** que llegó a tener 100 bocas de fuego. O incluso el recientemente abandonado **Cuartel de Artillería Sánchez de Aguilera**. No obstante, lugares imprescindibles antes de abandonar el centro de Ferrol y adentrarse en Poriño son el **Arsenal de Ferrol** y el **Fortín de San Felipe**, el primero abierto al público con régimen de visitas concertadas en temporada estival y el segundo abierto todo el año. Si tenemos tiempo y queremos abrir nuestra mente a la construcción naval, otro de los espacios fundamentales es el Museo de la Construcción Naval conocido por el acrónimo de **EXPONAV**, y también las visitas organizadas por la **Ruta de la Construcción Naval**.

A partir del Fortín de San Felipe tenemos dos opciones complementarias entre sí. Por un lado, el paisaje de las fortalezas y baterías del siglo XVI-XVIII; situadas en emplazamientos abruptos, acariciando el mar y construidas en piedra de esquisto y granito. De entre todas ellas recomendamos la recientemente restaurada

Cuartel das Dores. Ambos recintos teñen limitado o acceso, sendo necesario informarse previamente dos permisos para a súa visita.

O entramado urbano recolle no seu seo outros lugares de interese. Por exemplo, en Cruxeiras o **Reduto de Santiago** e na zona do peirao o **Reduto de San Xoán** e a **Cortina do Arsenal** que chegou a ter 100 bocas de fogo. Ou mesmo o recentemente abandonado **Cuartel de Artillería Sánchez de Aguilera**. Non obstante, lugares imprescindibles antes de abandonar o centro de Ferrol e adentrarse en Poriño son o **Arsenal de Ferrol** e o **Fortín de San Felipe**, o primeiro aberto ao público con réxime de visitas concertadas en temporada estival e o segundo aberto todo o ano. Se temos tempo e queremos abrir a nosa mente á construción naval, outro dos espazos fundamentais é o Museo da Construción Naval coñecido polo acrónimo de **EXPONAV**, e tamén as visitas organizadas pola **Ruta da Construción Naval**.

A partir do Fortín de San Felipe temos dúas opcións complementarias entre si. Por un lado, a paisaxe das fortalezas e baterías do século XVI-XVIII; situadas en emprazamentos abruptos, acariñando o mar e construídas en pedra de esquisto e granito. De entre todas elas recomendamos a recentemente restaurada **Batería de Viñas**, desprazada do seu emprazamento orixinal dentro do Porto Exterior; a cal dispón no seu interior da estrutura da “bala vermella”, mecanismo para qentar as bolas dos canóns a lume vivo antes de



Bateria de Viñas



Estructura de "Bala Roja" / Estrutura de "Bala Vermella"

Bateria de Viñas, desplazada de su emplazamiento original dentro del Puerto Exterior; la cual dispone en su interior de la estructura de la "bala roja", mecanismo para calentar las bolas de los cañones al rojo vivo antes de dispararlas. Aunque también son accesibles y en un aceptable estado de conservación las Baterías de **San Carlos, San Cristóbal, Cariño y Prioriño**.

Por otro lado, el paisaje militar de entreguerras del s. XX, localizado en la "Posición de Prioriño" a lo largo de toda la dorsal, desde Monteventoso a Pena Roiba pasando por Lobateiras. El punto estratégico para comenzar nuestra ruta por esta zona es el Cuartel de Confurco, accesible tanto desde el Fortín de San Felipe como por

